

3º EXERCICIO: COÑECEMENTO DA LINGUA GALEGA

INSTRUCCIÓN:

1. - Non abra nin lea o interior deste caderno ata que se lle indique.
2. - Esta proba consiste nun cuestionario non eliminatorio de lingua galega de 10 preguntas tipo test con 2 de reserva (as 2 últimas, da G11 e G12), que deberán ser contestadas a continuación do recadro "Galego" entre os números G1 e G12, da "FOLLA DE RESPOSTAS".
3. - O tempo total de realización do exercicio, é de **15 minutos**.
4. - Todas as preguntas teñen catro respostas alternativas, sendo unha a correcta. As respostas correctas sumarán **0,50** puntos, as non contestadas non terán valoración algunha e as contestadas erroneamente restarán **0,125** puntos.
5. - Comprobe sempre que o número de resposta que sinale na "FOLLA DE RESPOSTAS" é o que corresponde ao número da pregunta do cuestionario.
6. - Este cuestionario debe utilizarse na súa totalidade como borrador das respostas elixidas, para non marcar unha resposta ata estar totalmente seguro/a.
- 7.- A resposta correcta marcarase cun **X** ben feito dentro dos límites do recadro. De ter que anular algunha resposta, o recadro da resposta que se marcou incorrectamente ten que encherse por completo.

Unha vez que se anule, xa non poderá recuperarse de novo dita opción de resposta.
8. - Ao rematar o seu exercicio, advírtao á organización para a súa recollida. Debe entregar a "FOLLA DE RESPOSTAS" no lugar que lle indique a organización, onde lle entregarán a última folla autocopiativa. Ao abandonar o recinto NON poderá levar ningún cuestionario de preguntas. O Servizo Galego de Saúde facilitaralle o acceso aos mesmos a través da páxina web: www.sergas.es , logo de finalizados os tempos de exame.

**LEA DETIDAMENTE AS INSTRUCCIÓNS
QUE FIGURAN NO REVERSO DA FOLLA DE RESPOSTAS
PARA O SEU CORRECTO ENCHEMENTO**

1. Sinale a opción incorrecta:

- A) Unhos zapatos.
- B) Unha froitería.
- C) Un libro.
- D) Unhas casas.

2. Sinale a resposta incorrecta:

- A) Filete de tenreira.
- B) Fritir peixe.
- C) Polbo á feira.
- D) Bacalao ao forno.

3. Sinale a primeira persoa do plural do presente de indicativo do verbo ir:

- A) Vamos.
- B) Imos.
- C) Formos.
- D) Iamos.

4. Sinale a opción incorrecta:

- A) Avoa.
- B) Irmán.
- C) Curmán.
- D) Abo.

5. Sinale a forma incorrecta do plural:

- A) Voz/vozes.
- B) Farol/farois.
- C) Barril/barrís.
- D) Pastel/pasteis.

6. Sinale o substantivo incorrecto:

- A) Agulla.
- B) Xiringa.
- C) Vendase.
- D) Padiola.

7. Sinale o nome incorrecto das seguintes profesións:

- A) Albanel.
- B) Estudante.
- C) Conductor.
- D) Enxeñeiro.

8. Números ordinais. Sinale a opción correcta:

- A) Séptimo.
- B) Carto.
- C) Oitavo.
- D) Sesto.

9. Partes do corpo. Sinale a opción correcta:

- A) Ombro.
- B) Pes.
- C) A naris.
- D) Os seonllos.

10. As seguintes palabras son todas do xénero feminino, agás:

- A) Análise.
- B) Nariz.
- C) Equipaxe.
- D) Árbore.

Preguntas de reserva

1. Indique a resposta incorrecta:

- A) A unha en punto.
- B) As oito menos carto.
- C) As dúas menos vinte.
- D) As sete e media.

2. Nome de cores. Sinale a opción incorrecta:

- A) Amarelo.
- B) Azul.
- C) Branco.
- D) Bermello.